



**8M**<sup>2020</sup>

**MATERIAIS** para traballar  
nas aulas de **INFANTIL**



## Introdución

O 8 de Marzo, día Internacional das Mulleres, é un bo momento para dar a coñecer os temas relacionados coas inxustizas de sexo-xénero dentro das aulas e nos centros educativos. A celebración desta data é estratéxica para dar visibilidade ao que segue sendo un problema fundamental da nosa sociedade, as inxustizas de sexo-xénero. Estas afectan, en especial, ás mulleres e ás nenas.

As aulas son un espazo privilexiado para aprender a relacionarse con actitudes de respecto e paz, resolvendo conflitos de forma enriquecedora. Como ben sabemos, a educación infantil é unha das etapas chave para o desenvolvemento de habilidades relacionais de respecto e recoñecemento mutuo. Estas habilidades fan que se comprometan co coidado das persoas, coas que conviven e co autocoidado. Todo isto pode axudar a que as súas experiencias non estean marcadas por imposicións de roles.

Traballar a igualdade, o respecto e a diversidade nas aulas segue sendo un desafío para o profesorado que moitas veces se sente desamparado e só/soa nesta trincheira, porque lida co machismo estrutural das sociedades, das institucións, do propio centro educativo e dos/as compañeiros/as. É unha loita continua.

Por outro lado, é un traballo enriquecedor tanto para quen ensina, como para o alumnado. Xa que, podemos facer que se transforme nun lugar seguro no que o alumnado poida experimentar un ambiente máis igualitario, de confianza, incluso e libre de violencias, onde poder crecer. A acollida favorable dos temas de igualdade e das propostas coeducativas producen o empoderamento do alumnado. Esta sensación de estar traballando para facer un mundo mellor é moi satisfactoria.

Para facilitar este labor, o material que tes nas mans ofrece estratexias que serven para introducir temas de igualdade onde se xere un coñecemento transformador.

As propostas que seguen están descritas de forma que o/a docente poida adaptalas segundo o grupo co que vaia traballar. Cada dinámica contén:

- ▶ Unha pequena introdución que aborda o tema que se vai desenvolver.

- ▶ Uns obxectivos específicos.
- ▶ Os materiais necesarios.
- ▶ O seu “paso a paso”.
- ▶ Puntos a ter en conta no momento da dinamización.

Ao final desta unidade hai un glosario para axudar a aclarar determinados conceptos que son importantes para introducilos nas análises e reflexións.

## Obxectivos

- ▶ **Fomentar dinámicas que favorezan o desenvolvemento equitativo de nenas e nenos.**
- ▶ **Concienciar as crianzas das súas posibilidades, como suxeitos activos, de previr e erradicar a violencia.**
- ▶ **Sensibilizar sobre as opresións relacionadas co sexo-xénero.**
- ▶ **Desenvolver habilidades de bo trato.**
- ▶ **Promover as escolas como espazos de bo trato.**

## Metodoloxía

Como proposta metodolóxica recomendamos potenciar todo o posible a participación do alumnado nas actividades. Propomos actividades que fomenten a reflexión, o diálogo, a creatividade e a construción colectiva. Son perfectamente adaptables a diferentes contextos e recursos.

Partimos da idea de que as crianzas teñen coñecementos e capacidades diversas que debemos ter en conta para debater e entender as problemáticas tratadas. Isto contribúe á participación e a que enfronten as inxustizas do sistema sexo-xénero.

Seguindo as ideas de Paulo Freire, o papel do profesorado debe ser o de implicarse para que o alumnado adquira habilidades para ler o mundo, estimular e despertar as consciencias. Afastándose da idea de que o profesorado debe depositar os seus coñecementos no alumnado como se fosen seres absolutamente baleiros e receptivos.



Seguindo as súas ideas, as actividades propostas colocan ao profesorado nunha posición de orientador/a e de mediador/a de temas de igualdade que forman parte da realidade e dos intereses do alumnado. Entendemos que este non é un traballo doado, pero é necesario e di moito sobre os valores e actitudes que queremos promover.

*É preciso diminuír a distancia entre o que se di e o que se fai, ata que, nun determinado momento, a túa fala sexa a túa práctica.*

Paulo Freire.

Antes de comezar, é importante ter claro que as problemáticas relativas ao sexo-xénero deben ser abordadas dunha forma transversal. Se por un lado isto fai que sexa máis complexo, por outro, abre posibilidades e é enriquecedor.

Hai que ter en conta que o coñecemento e os materiais de ensino teñen unha perspectiva antropocéntrica de xénero que son transmitidos como unha historia única e verdades absolutas; negando outras historias, realidades e coñecementos de colectivos minorizados, como son

as mulleres. Esas ideas tradúcense nunha identidade normativa, estándares e en modelos de comportamentos que reforzan a construción da desigualdade entre as persoas.

Por iso, interesa estimular o cuestionamento dos modelos e como son reproducidos, para desfacer o imaxinario heteropatriarcal que divide a nosa sociedade en dous mundos: o mundo dos homes e o das mulleres.

Así, sobre eles establécese que determinadas características fisiolóxicas do corpo das persoas, como os xenitais, deben coincidir coa identidade sexual e a orientación sexual, que tamén están divididas en dúas e son presentadas como opostas e complementarias. Tamén paga a pena tentar algúns aspectos que marquen a diferenza no proceso de formación:

- ▶ **Non tratar o tema con inxenuidade.** Están aumentando as novas falsas e os discursos de odio de cara ás mulleres e ao movemento feminista. Isto leva a actitudes de negación, escarnio e minimizar as problemáticas relativas ao sexo-xénero. Este tipo de ataques vistos nas crianzas, é importante recoñecelos e

debatelos. Estes temas fundamentais deben ser tratados con seriedade.

- ▶ **Proporcionar un espazo inclusivo e seguro para o debate.** Iso implica coidar que todas as persoas se sintan escoitadas, de forma que sintan que a súa palabra e ideas valen.
- ▶ **Ter unha linguaxe inclusiva.** Utilizar unha linguaxe próxima e inclusiva, equilibrando o uso de femininos e masculinos. escoitar todas as opinións é fundamental para o bo desenvolvemento de calquera actividade.
- ▶ **Non naturalizar estereotipos.** Un dos traballos previos é repensar prexuízos e estereotipos que temos interiorizados e que reproducimos sen darnos conta nas nosas actitudes.
- ▶ **Dar visibilidade da realidade e das achegas doutros grupos sociais.** É fundamental estar atentos/as a como outras opresións operan, de maneira articulada, coas de sexo-xénero para dificultar aínda máis a nosa realidade. É preciso darlle visibilidade á diversidade que existe nas nosas aulas para que os problemas sexan vistos e busquemos solucións.
- ▶ Rexeitar todo tipo de violencia, incluída a existente contra o colectivo LGTBIQ<sup>1</sup>.

## ACTIVIDADE 1. Iguais ou diferentes?

### Introdución

A palabra igualdade é interpretada como unha forma de eliminar as diferenzas que hai entre as crianzas, homoxeneizándoas de acordo ao modelo normativo (fortes, insensibles, seguras, determinadas, etc). Esta interpretación de igualdade non dá as mesmas oportunidades a todas as persoas, xa que, a igualdade valora as diferenzas que son riquezas. Cando falamos de igualdade, referímonos ás oportunidades e aos dereitos sociais. Pola contra, a desigualdade significa inxustiza, violencia e dominación dun sexo sobre outro.

Esta dinámica, tenta concienciar sobre a falsa idea de que a igualdade é homoxeneidade. Con esta actividade intentamos que se conciencien de que existe unha diversidade de formas de ser e estar que van máis aló dos estereotipos de xénero que se atribúen ao sexo que nos asignan.

Desta forma contribuímos a que os estereotipos de xénero diminúan na infancia e estimulamos a construción de identidades máis libre e de bo trato entre as persoas.

### Obxectivos

- ▶ Valorar a diversidade.
- ▶ Deconstruír estereotipos de sexo-xénero.
- ▶ Promover o bo trato.

### Materiais

- ▶ Ningún.


### Paso a paso

1. En círculo preguntamos ao alumnado se somos todas iguais:
  - ▶ Preguntamos o que nos fai ser iguais e o que nos diferencia.
  - ▶ Preguntamos sobre cales son as partes do corpo comúns que temos as persoas (nariz, orella, brazo, perna...).
  - ▶ Cuestionamos se todas estas partes do corpo son iguais nas persoas.
2. Descubrimos que todos os corpos son diferentes.
3. Conversamos sobre as diferenzas e a súa importancia.
4. Despois, pedimos ao alumnado que camiñe pola aula en silencio. Cando fagamos unha indicación, diremos que abracen as persoas que teñan unha característica determinada. Por exemplo: a persoa que ten o pelo longo; a persoa que ten nariz ancho; a persoa que leva xerse azul, etc.
5. Rematamos con unha reflexión que defenda as diferenzas.

### Puntos a ter en conta

- ▶ É importante que o profesorado estimule ao alumnado a percibir as diferenzas como algo positivo.
- ▶ É fundamental que se entenda que non hai unha forma determinada de ser neno ou nena. Que somos únicos/as, orixinais e especiais.
- ▶ O xogo dos abrazos pódese facer tanto no inicio como no final da actividade. No inicio

<sup>1</sup> Lésbicas, Gays, Bisexuais, Trans, Intersexuais e Queer.



axuda a romper o xeo. No final, contribúe a establecer relacións entre o alumnado e ver características das que non se daban conta. É un xogo importante para fomentar o cariño e as emocións.

- ▶ Tamén é interesante destacar o fomento do bo trato.

## ACTIVIDADE 2. Aprender a coidar

### Introdución

Durante séculos de historia as actividades de coidado e domésticas non foron recoñecidas como parte importante para o sustento da vida e do benvivir. Ademais, as mulleres foron responsables da súa realización de forma imperativa.

Coa loita das mulleres e do movemento feminista déronse moitos pasos cara o respecto. Conquistamos algúns dereitos sociais e o traballo doméstico e os coidados gañan importancia social. A folga feminista deu un gran impulso para que a sociedade percibise o seu valor. Estas actividades que na súa maioría executánanas mulleres, sexa de maneira remunerada (traballadoras do fogar, internas, cocifeiras, limpadoras, etc.) ou non remuneradas.

Porén, os homes implicáronse pouco nestas tarefas. Eles exercen as actividades de coidado e domésticas de maneira moi tímida e, habitualmente, como axuda. Tal situación fai que as tarefas sigan recaendo sobre as mulleres. En consecuencia, provoca a falsa ilusión de que se comparten as tarefas de forma igualitaria.

Ante isto, faise imprescindible que as actividades dos coidados e domésticas sexan valoradas desde a infancia e que aprendan a executalas. Estas tarefas non deben ser entendidas como un peso ou algo negativo, se non, todo o contrario,

xa que, producen coñecementos e habilidades e é preciso aprender para facelas ben, como en calquera actividade. Elas conforman a base para a autonomía e o desenvolvemento humano. Son fundamentais para a supervivencia en calquera lugar do mundo, xa que, somos seres interdependentes e polo tanto, necesitamos aprender a coidar de nosotras mesmas e das demais persoas. Sen isto, sempre haberá desigualdades e inxustizas.

Nesta actividade proporcionaremos un espazo de reflexión e de desenvolvemento das habilidades de coidados e domésticas. Invitamos a que este momento sexa reproducido varias veces e de diferentes formas para que o alumnado poida incorporar no seu día a día os coñecementos xerados.

### Obxectivos


- ▶ Identificar e valorar as tarefas de coidados e domésticas.
- ▶ Desenvolver habilidades de autoxestión.
- ▶ Valorar as persoas que executan habitualmente estas tarefas.

### Materiais

- ▶ Varios obxectos que poidan representar actividades de coidados e domésticas.

### Paso a paso

1. Facer da aula o recuncho dos coidados. Xuntamos obxectos que representen as tarefas cotiás nun punto da aula.
2. Preguntamos ao alumnado quen son as persoas que lles coidan na casa e quen fai as tarefas domésticas.



3. A continuación, preguntamos que obxectos usamos para estes coidados.
4. Pedimos que identifiquen entre os obxectos do recuncho a súa utilidade. Por exemplo, xabón para lavarse e lavar a roupa, pota para facer a comida, etc.
5. Despois pedimos que cada alumno/a elixa un obxecto e explique como se usa. Neste momento, outros/as alumnos/as poden contribuír coa explicación e representación.
6. Preguntamos ao alumnado sobre a importancia desta actividade para a vida. Por exemplo: lavar a roupa -é importante para que vaian limpas para o cole ou ao traballo, para non contraer enfermidades, etc- Coidar as crianzas -para que non corran perigo, para ensinalles a ter autonomía, para darlles amor- etc.
7. Tamén podemos preguntar: se sempre os coida a mesma persoa e cales eran estes coidados. Se algunha vez lles agradeceron estes coidados e como podemos demostrar o noso cariño e agradecemento por estes coidados.
8. Despois dalgunhas representacións invitamos ao alumnado a que xoguen cos obxectos de forma libre.

9. Despois dun determinado momento pedimos que cambien de papeis. Ou sexa, que busquen outra actividade.

## Puntos a ter en conta

- ▶ Dentro das actividades dos coidados a división sexual do traballo tamén existe. Hai actividades que están máis ben vistas que outras. O alumnado non sempre é consciente desta categorización, pero hai que ter en conta para darlle visibilidade e valor. Por exemplo: limpar o baño e limpar a louza son traballos invisibles fronte a facer a comida, lavar o carro e pasear o can, por exemplo.
- ▶ No punto 8 do paso a paso, é importante que o profesorado estea atento a quen escolle os obxectos. Se hai unha división sexual das tarefas moi marcadas é importante que o profesorado pare a actividade e os faga ver que hai esa división e cuestionar o porqué. Despois, retórnase a actividade intercambiando os papeis.

## ACTIVIDADE 3. O mundo das profesións

### Introdución

Os datos mostran que seguen a existir desigualdades horizontais e verticais nas profesións con respecto ao sexo-xénero. O movemento feminista denuncia que a división de estudos tradicionalmente ocupados por mulleres ou por homes sigue existindo. Aínda que as diferenzas nas cifras baixasen, verifícase que en campos como a saúde, a atención social, estudos relacionados coa imaxe persoal e coa educación seguen ser mulleres as que os ocupan de forma maioritaria. Mentres que eidos como a electricidade, automación e telecomunicacións son ocupadas por homes.

Por outro lado, tamén se denuncia o teito de vidro. Este termo refírese as dificultades que encontran as mulleres para ascender na carreira. A situación empeora naquelas carreiras socialmente consideradas “femininas”, onde existe maior relacións de poder entre os xénero, xa que, para ser recoñecidas, as mulleres, deben estar máis cualificadas que os homes que ocupan a mesma profesión.

Desta forma obsérvase que a función de co-ciñeira é tipicamente feminina, mais os cheffs de cocíña son, na súa maioría, homes. O mesmo ocorre coa actividade de costura. O colectivo é formado principalmente por mulleres, pero os deseñadores con unha carreira consolidada son, na súa gran maioría, homes. Coñecer os datos reais da desigualdade, crea unha cuestión importante: As eleccións profesionais realmente fanse dentro dun marco de liberdade?

Un dos problemas diso é que se crea unha imaxe tendenciosa das profesións e perpetúanse expectativas sobre o que podemos, desexamos e somos capaces de facer, dado ao sexo que nos asignaron. Estas relacións foron creadas e fortalecidas desde moi pequenos/as. Por isto, temos que intentar que desde os primeiros anos da infancia o alumnado comprenda que non existen profesións designadas por sexo, se non que hai todo un abanico de opcións que se adecúan as súas capacidades, preferencias e expectativas.

## Obxectivos

- ▶ Romper cos estereotipos establecidos no ámbito das profesións.
- ▶ Contribuír a aumentar a liberdade de escolla e de toma de decisións do alumnado sobre a súa vida.
- ▶ Valorar de forma equitativa as diferentes profesións e as persoas que as executan.

## Materiais

- ▶ Imaxes de persoas exercendo actividades.
- ▶ Papel de rolo.
- ▶ Pegamento.

## Paso a paso

1. Preguntamos ao alumnado polas profesións que lles gustaría ter de maiores.
2. Ensinamos diversas imaxes de profesionais<sup>2</sup>. Pode haber imaxes repetidas, diversidade de imaxes dun mesmo oficio, etc. É importante que sexan moitas.

<sup>2</sup> Buscamos tanto imaxes estereotipadas como igualitarias nun número semellante. Tamén podemos incluír "traballo doméstico e de coidados ás persoas dependentes". Despois dunha longa loita esta profesión aparece como tal na lexislación.

3. Pedimos que cada alumno/a escolla 1 ou 2 profesións que lles gusten ou que lles parecen importantes.
4. Nun papel de rolo grande debuxamos diferentes ámbitos e espazos: a casa, a horta da casa, a rúa, o parque, unha oficina, un supermercado, unha tenda, etc. Presentamos os espazos ao alumnado.
5. Despois, preguntámoslles onde se fan estas actividades e enviámoslos a que peguen as imaxes das persoas onde pensen que desenvolven a súa profesión.
6. Cando rematemos o mapa, analizámolo<sup>3</sup>:
  - ▶ Onde se realizan as actividades.
  - ▶ Outros espazos onde se desenvolvan as profesións do mapa.
  - ▶ Onde hai unha maior concentración de persoas exercendo as actividades (público ou privado).
  - ▶ Cales son os sexos-xénero máis representados.
  - ▶ Cales son as que ocupan o espazo e as actividades e por que.
  - ▶ Como sabemos se son homes ou mulleres e por que.
7. Neste debate é importante que o profesorado deconstrúa con eles/as os estereotipos de xénero, para reforzar a idea de que todas as persoas somos capaces de exercer calquera actividade. Aínda que a día de hoxe isto non sexa certo, o que representa unha desigualdade e é unha inxustiza.

## Puntos a ter en conta

- ▶ Os contidos máis interesantes que podemos tratar co alumnado de infantil son a reflexión da elección deste personaxe e a súa profesión. Coa análise da profesión chegaremos a conclusión de que calquera persoa pode ter as habilidades necesarias:
  - Independente do sexo que nos asignen.
  - Todas as persoas deberían ter o dereito e as oportunidades de traballar no que queren, sempre que teñan a cualificación e as habilidades necesarias.

<sup>3</sup> Hai innumerables reflexións que se poden sacar deste mapa. Estas deberçan ir acorde coa madurez das crianzas.



- A feminización das profesións, non é boa e reflicte unha desigualdade, xa que non se centra nas habilidades dos profesionais e si no seu sexo-xénero.
- ▶ Outras preguntas posibles:
  - En que queren traballar as nenas?
  - En que queren traballar os nenos?
  - Pode unha nena facer o mesmo que un neno?
  - Pode unha muller ser astronauta ou presidenta de goberno?
  - Coñecemos algunha?
  - As mulleres poden ser albaneis ou arranxar coches?
  - Os nenos poden ser enfermeiros, cociñeiros ou traballadores do fogar?
  - Eles poden coidar de bebés e de persoas maiores?

## ACTIVIDADE 4. Cántame un conto

### Introdución

A socialización de xénero reflíctese en múltiples detalles da vida cotiá: a forma de falar con elas, reaccións diferentes das persoas adultas, a resposta ás súas accións, a maneira de vestilas, a decoración do seu cuarto, os xogueteas, as historias e contos que lles contamos.

No proceso de socialización, os contos poden ser un instrumento útil, dado ao contexto lúdico no que se presentan. Ademais, o papel dos contos mostra un mundo máxico onde nenos/as poden canalizar a súas ansiedades e expresar os seus sentimentos. Isto é de axuda desde o plano emocional e de aprendizaxes diversas.

Cando analizamos os contos con perspectiva de xénero e feminista, percíbense con frecuencia

as mensaxes estereotipadas de comportamentos que se presupoñen adecuados para mulleres e homes. Case todas as historias colocan ás mulleres e ás nenas como seres belos e pasivos, deixando a acción a cargo dos personaxes masculinos ou das mulleres malas; como é o caso da A Bela Durminte, a Cincenta, Branca Neves, etc.

No caso da literatura infantil podemos encontrar sexismo:

- ▶ Por medio das temáticas.
- ▶ Os contidos, diálogos e uso da linguaxe.
- ▶ As mensaxes diferenciadas por sexo-xénero.
- ▶ As conclusións e moralidade.
- ▶ As imaxes, ilustracións, as cores, o tamaño das figuras masculinas e femininas e a colocación espacial.
- ▶ Accións e perfís dos personaxes, as tarefas que desempeñan, o rol social e económico, entre outras.

Por medio destes elementos, o alumnado identifícase cos personaxes e imaxina os seus soños, problemas e tomas de decisións. Por medio da empatía, o alumnado aprende como debe ser o seu comportamento dependendo do sexo que se lles asigna. Ademais, aprende a identificar os seus problemas e formas de xestionalos.

Por todo isto esta dinámica busca proporcionar ao alumnado alternativas para unha socialización libre dos estereotipos e roles do sistema sexo-xénero. Ademais de promover o desenvolvemento dunha lectura crítica sobre os estereotipos e desigualdades entre homes e mulleres.

### Obxectivos

- ▶ Proporcionar modelos e estereotipos non sexistas.



- ▶ Estimular a reflexión crítica.
- ▶ Identificar as inxustizas.
- ▶ Estimular a creatividade.
- ▶ Fomentar o bo trato.

## Materiais

- ▶ Un conto non sexista<sup>4</sup>
- ▶ Papel.
- ▶ Pinturas.

## Paso a paso

1. Escollemos un conto coeducativo, non-sexista e feminista para contar ao alumnado.
2. Creamos un ambiente para a lectura do conto.
3. Contamos o conto.
4. Despois, reflexionamos co alumnado sobre o conto.
  - ▶ De que se trata a historia?
  - ▶ Este conto é parecido os outros? si/non, con cal? Por que?
  - ▶ Quen era(n) o/a(s) personaxe(s) principais? Cale eran as súas fortalezas?
  - ▶ Ela estaba contenta? que pasou? que desexaban? Por que non o conseguían?
  - ▶ Ela vive algunha inxustiza? Cal? Como se sentiu?
  - ▶ Como se sentiron os/as outros/as personaxes?
  - ▶ Estas situacións pasan na vida real?
  - ▶ Que fixeron para acadar os seus obxectivos? fariades o mesmo? Que fariades?
  - ▶ Gustaríavos ser personaxe do conto? Por que?
  - ▶ Nenos e nenas poderían vivir esta historia? Habería diferenzas? Cales?
  - ▶ Como imaxinades fisicamente a(s)personaxe(s)? Por que?
5. Finalmente, damos ao alumnado papel e pinturas e pedímoslle que deseñe o/a(s) personaxe(s) principal(ais) do conto ou co/a que máis se identifique. É dicir, que deseñen como eles/as imaxinan fisicamente os/as personaxes.

4 Podes atopar suxestións nos anexos.

## Puntos a ter en conta

- ▶ Para que o alumnado poida imaxinar con liberdade os/as personaxes da historia, é interesante que non se mostren as imaxes do conto ata rematar a actividade. Cando rematemos a actividade pódese facer unha comparativa entre todos os debuxos creados e os do conto para mostrar a diversidade de formas de ver os/as personaxes.
- ▶ É sempre interesante que o profesorado exprese a idea de que a diversidade é algo positivo para que se sintan partícipes e perciban que as súas ideas son tan valiosas e creativas como as dos/as seus compañeiros/as.
- ▶ Hai que estar atento/a á acción do currículo oculto que actúa na nosa forma de falar e de valorar o conto.
- ▶ Durante a reflexión colectiva buscamos que o alumnado poida reflexionar sobre as desigualdades, as inxustizas que se traballan no conto, así como os sentimentos e as actitudes tomadas polos/as personaxes. Gracias a estes procesos valoraremos máis o bo trato, a cooperación, a diversidade e o respecto.

## ACTIVIDADE 5. Eu podo, e ti tamén!

### Introdución

Desde a infancia aprendemos por medio de diferentes axentes socializadores (medios de comunicación, escola, familia igrexa, etc) a ter actitudes estereotipadas segundo o sistema tradicional de sexo-xénero. Asimilamos de forma inconsciente determinadas actitudes, accións e comportamentos como naturais dun determinado sexo.

Aprendemos sobre o sexo que se nos asigna as actitudes que debemos ter. Interiorizamos os modelos e roles sociais creando expectativas sobre nós mesmas baseadas nesta segregación sexual.

Esto aprendémolo por medio da observación, da escoita e das experiencias que nos condicionan sobre o que debemos e o que non debemos facer segundo o sexo que nos asignan, como por exemplo: a forma de sentarse, de camiñar, de vestir, de xogar e de falar.

É un proceso difícil, no que existen implicacións e consecuencias moi perversas sobre a

construción da nosa identidade e das habilidades e aptitudes que desenvolvemos. Por isto, é importante introducir un discurso alternativo ao sexismo e reflexionar sobre as actitudes estereotipadas con base no sexo-xénero na infancia.

Nesta dinámica, o alumnado reflexionará sobre a súa identidade e as súas capacidades, ao mesmo tempo que se pon en relación co/as outro/as e a súa contorna, desde unha perspectiva máis ampla e equitativa. Proporcionaremos un espazo de reflexión e aprendizaxe no que todas as accións poden ser desenvoltas por calquera persoa. Estas reflexións abren un abanico de ideas e posibilidades para o alumnado, mellorando a confianza en si mesmos/as e minguando as posibilidades de exclusión, marxinalización e de sufrir violencia.

## Obxectivos

- ▶ Construír espazos de bo trato.
- ▶ Reflexionar sobre as nosas capacidades e habilidades.
- ▶ Deconstruír ideas sexistas sobre as accións.

## Materiais

- ▶ Imaxes de accións.
- ▶ Xogos no que todo o grupo poida participar de forma conxunto.

## Paso a paso

1. Co alumnado en círculo contamos as normas do xogo: O/A profesor/a di unha serie de verbos de accións (que poden estar acompañadas de imaxes<sup>5</sup>).
2. Logo, cada un/unha pensa individualmente se pode ou é capaz de desenvolve-la. Se se considera que é capaz debe levantarse e ir ao centro do círculo.
3. Algunhas propostas son os seguintes verbos: rir, estudar, chorar, falar, cociñar, bicar, xogar cos coches, xogar coa pelota, bailar, mentir, pegar, facer a cama...
4. Cando todo o alumnado faga a súa elección, preguntamos a ambas posicións por que consideran iso. E axudámoslos a que cheguen a conclusión de que todas as persoas poden levar a cabo calquera acción.

<sup>5</sup> As imaxes que acompañen os verbos non deben representar estereotipos sexistas ou diferenciais de sexo-xénero, etnia ou orixe.



### 5. Podemos preguntar:

- ▶ Por que pensades que podedes desenvolver esta acción?
- ▶ Por que pensades que non?
- ▶ Nenos e nenas non senten o mesmo?
- ▶ Como nos sentimos cando facemos esta acción?
- ▶ Con quen a facemos habitualmente?

6. Para finalizar, escollemos un xogo no que todas poidamos xogar xuntas, por exemplo: bailar, cociñar, pasar a vasoira, correr, dar apertas...

## Puntos a ter en conta

- ▶ É interesante poder contrastar o que pensa e di o alumnado coas súas accións. Desta forma, coñecemos a súa realidade cotiá e as afirmacións e conclusións ás que chegamos. Para isto é fundamental que todo o alumnado teña claro que pode facer todas as accións e moitas máis.
- ▶ Tamén é interesante que o alumnado quede contento porque todas as persoas poidan facer as mesmas actividades, e no caso de que non poida, por exemplo, unha persoa parapléxica non podería xogar o fútbol, pois que exista o esforzo de encontrar formas para que ela estea incluída.
- ▶ A escolla do xogo farase de maneira conxunta, pensando sempre que a única consigna é que todo o grupo poida xogar, se queren, e que se sintan a gusto. O traballo de inclusión debe ser incentivado polo profesorado alertando se se dá a oportunidade de que algún/algunha compañeiro/a non estea xogando. Este esforzo por parte do profesor/a débese dar desde a escolla do xogo ata o fin do mesmo.

## ACTIVIDADE 6. Xogo dos abrazos

### Introdución

Vivimos nunha sociedade na que o sistema sexo-xénero está presente en todos os ámbitos da vida con consecuencias crueis e inxustas en diferentes niveis. A nivel individual interfere sobre a construción da nosa identidade, autoestima, no desenvolvemento das nosas habilidades, preferencias e características que debemos ter a partir do sexo que se nos asigna. A nivel social vemos como as desigualdades se estruturan de forma en que un sexo é máis valorado e ten mellores oportunidades que o outro. Todo isto fai que nos vexamos diferentes.

A escola é o espazo idóneo para aprender a relacionarse desde o respecto, a solidariedade, a cooperación, o diálogo e o recoñecemento. É importante que se expresen con liberdade e desenvolvan habilidades e actitudes que potencien a igualdade. Tamén é importante estimular o coñecemento doutras habilidades necesarias para o desenvolvemento da súa autonomía e relacións coas outras persoas.

Para isto, hai que fomentar o desenvolvemento de habilidades e de mensaxes (teóricas e prácticas) que as fagan posibles. Entre estas habilidades atopamos a escoita, a atención, o diálogo e o autocoñecemento.

Nesta dinámica traballaremos todas estas habilidades. Proporcionaremos un espazo vivencial no que o alumnado poida experimentar momentos e sentimentos provocados pola interacción cos/coas seus/súas compañeiro/as; Estimularemos a experiencia cooperativa, da escoita e da fala responsable e respectuosa, de forma que proporcionemos ferramentas para o diálogo e a resolución de conflitos.

### Obxectivos

- ▶ Promover relacións baseadas na cooperación e no recoñecemento mutuo.
- ▶ Xerar un ambiente de comunicación e diálogo que permita o alumnado aprender a expresarse e a escoitar, ao mesmo tempo que favorece o entendemento e a busca do ben común.
- ▶ Identificar e coñecer os sentimentos.
- ▶ Promoción do bo trato.

### Materiais

- ▶ Lista de actividades.

### Paso a paso

1. Nun espazo libre de obxectos, pedimos que o alumnado camiñe.
2. Mentres o alumnado camiña o profesor/a elixe unha das actividades dentro da lista.
3. O/A profesor/a di ao alumnado a actividade.
4. Cando o profesor di Xa!! o alumnado executa a actividade.
5. Son actividades que precisan da cooperación de un ou varios/as compañeiros/as. Por exemplo:
  - ▶ Dar unha aperta a primeira persoa que ves diante.
  - ▶ Dar unha aperta como se fixese moito tempo que non estades xuntos/as.
  - ▶ Abrazar con moito coidado e tenrura.
  - ▶ Abrazar a quen nunca dimos unha aperta.
  - ▶ Saudar á/ao compañeiro/a con unha das orellas.
  - ▶ Dar a man a dúas persoas ao mesmo tempo.
  - ▶ Pasar por debaixo das pernas dun/dunha compañeiro/a.
  - ▶ Formar grupo de 4, de 2, de 5...
  - ▶ Darnos as mans formando un círculo.
6. Facemos un círculo.
7. Preguntamos ao alumnado polos seus sentimentos e emocións:
  - ▶ Como se sentiron?
  - ▶ Foi divertido?
  - ▶ Foi difícil executar as tarefas? Por que? Que o impediu?
  - ▶ Fomos capaces de axudar aos/ás compañeiros/as?
  - ▶ Alguén non se sentiu ben? Por que?
  - ▶ Cando alguén non se sente ben que podemos facer?
  - ▶ Que podemos facer para que todo o mundo se sinta ben no xogo?
  - ▶ Cando non estamos ben que facemos? etc.

## Puntos a ter en conta

- ▶ No momento das preguntas sobre os sentimentos e da reflexión sobre o que pasou no xogo podemos pedir que o alumnado o represente. Esta é unha forma de facer máis evidente as súas expresións e poder entender mellor o que pasou, non só para a persoa docente, se non tamén ao resto do grupo. Isto axuda a aclarar as emocións do alumnado e a percibir as consecuencias das accións que desenvolvemos.
- ▶ Esta dinámica tamén contribúe á concentración e atención do grupo. Por iso, non debemos dicir as consignas nun ton moi elevado para que permanezan en silencio e así non interromper esta concentración.
- ▶ Outro aspecto fundamental para esta dinámica é observar<sup>6</sup> o que ocorre en cada actividade:
  - O tipo de comportamento entre o alumnado.
  - Dificultades á hora de cooperar cos/coas compañeiros/as.
  - Falta de concentración.
  - Problemas á hora de prestar atencións á voz do/a profesor/a.

## GLOSARIO

**Feminismos:** movementos teóricos, sociais e políticos que buscan, desde diferentes formas, rachar coas desigualdades e inxustizas relacionadas co sistema sexo-xénero. Noutras palabras, buscan a igualdade entre as persoas, o que supón unha toma de conciencia colectiva e a súa mobilización para transformar a sociedade.

**Sexo:** Habitualmente fai alusión á herdanza xenética que proporcionan certas anatomías e aspectos, que a nosa sociedade divide en dúas opcións: home e muller. Na actualidade, esta perspectiva sobre o sexo está sendo rebatida, xa que non é posible afirmar que o sexo, como un feito “natural/biolóxico” exista separado da cultura. Ademais, hai constan-

cias de que hai diferentes culturas na que non existen só dous sexos.

**Xénero:** Termo utilizado para delimitar o que entendemos por masculino e feminino. É a construción cultural que fai unha sociedade nun momento histórico e cultural determinado a partir das diferenzas coñecidas como sexo, que no noso caso divídense en dous.

**Identidade de xénero:** sentimento de pertenza ou non a un ou varios xéneros. Tradicionalmente considerábanse dúas, muller e home, directamente relacionados co sexo asignado no nacemento. Na actualidade sabemos que as persoas poden ter un xénero coincidente co seu sexo asignado no nacemento (persoas cis) ou non coincidente (persoas trans), que poden non ter ningún sentimento de pertenza a un xénero (a-xénero) ou a varios á vez (polixénero, xéneros fluídos...)

**Trans:** É un termo de orixe médica que diagnosticaba un comportamento de xénero atípico. Hoxe úsase para referirse as persoas que se desmarcan do xénero que se lles asignou ao nacer. Son persoas que cruzan as fronteiras que son construídas pola súa cultura para definir os patróns que son propios para os homes ou para mulleres. Como identidade, engloba unha heteroxeneidade de experiencias de persoas transexuais, transxéneros, e outros termos que sinalan a transgresión das normas de xénero binarias.

**Estereotipos de xénero:** Son aqueles que crean expectativas sociais, actitudes e roles que atribuímos a un grupo determinado, neste caso, ao colectivo de homes e de mulleres.

**Roles de xénero:** Sons construcións culturais da nosa sociedade que esperan das persoas certos comportamentos. Asignan aos homes a masculinidade e ás mulleres a feminidade, para o caso das sociedades occidentais. Non todas as culturas perciben os mesmos roles de xénero, nin son necesariamente fixos, nin están ligados á lóxica binaria (muller/home).

**Heterosexismo:** asumir a heterossexualidade como a orientación social maioritaria e normalizada. É un dos motores da transfobia e da homofobia, xunto co binarismo de xénero. Eles promoven o castigo a transgresión dos roles de xénero tradicionais, forman parte inherente da aprendizaxe social.

6. As imaxes que acompañen os verbos non deben representar estereotipos sexistas ou diferenciais de sexo-xénero, etnia ou orixe.

**Sexismo:** expresión da discriminación baseada no sexo, caracterizada por diferenzas e por un trato desigual entre homes e mulleres, pero, especialmente, pola supeditación dun sexo sobre o outro. Dada a nosa estrutura de sexo-xénero, o sexismo dáse do sexo masculino cara o feminino. Esta xerarquización, baseada no poder, é unha característica de calquera práctica discriminatoria.

**Misoxinia:** Orixinada da unión entre os termos gregos “miseo” e “gyne”, cuxos significados son respectivamente odio e mulleres. A palabra misoxinia é usada para definir o sentimento de aversión, repulsa ou desprezo polas mulleres e valores femininos. Este sentimento tradúcese en comportamentos machistas, cuxas opinións, actitudes buscan o establecemento e a manutención das desigualdades e xerarquías entre homes e mulleres, contribuíndo á crenza de superioridade do poder e da figura masculina.

**Cadeas globais de coidado:** “Son cadeas de dimensións supranacionais que se conforman co obxectivo de soste a vida cotiá, e nas que os fogares transfiren os traballos de coidados uns aos outros con base a eixos de poder, entre os que cabe destacar o xénero, a etnia, a clase social e o lugar de procedencia. (...) En todo caso, a extensión e forma das cadeas dependen da distribución intrafamiliar dos coidados. Dependen tamén doutros factores como a existencia de servizos públicos de coidados, o peso do sector empresarial organizado, das políticas migratorias, a regularización do emprego doméstico, etc. (...)” (OROZCO, Amaia. **Cadeas globais de coidado.** o Instituto Internacional de Investigacións e Capacitación das Nacións Unidas para a Promoción das Mulleres. 2007, p.4)

## Anexos

### Actividade 4. Cántame un conto

Propostas dalgúns contos para contar:

*Carlota e o príncipe azul.* Ana Pillado Vega, A Nosa Terra.

*Hai algo máis aburrido que ser unha princesa rosa?* Raquel Díaz Reguera. Thule, 2010.

*Rosa Caramelo Adela Turín,* Nella Bosnia Pontevedra, Kalandraka, 2012.

*Luna e o vestido de Max.* Thierry Lenain; ilustracións, Delphine Durand; tradución, Elena del Amo Edelvives, 2012.

*Salvaxe.* Emily Hughes. Editorial Libros del zorro rojo, 2014.

*Con Tango son tres.* Kalandraka, 2016.

*A reconquista.* Antía Yañez. Baía Edicións, 2018.

*O país do furado.* Xerardo Quintiá Pérez, Baía Edicións, 2019.

# 8M 2020

